



Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

SESIÓN ORGANIZATIVA MANDATO 2019-2023

ANUNCIO:

En cumprimento do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise público o seguinte acordo adoptado polo Pleno da Corporación na Sesión Extraordinaria do día 4 de xullo de 2019:

DETERMINACIÓN “ASISTENCIAS” DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN AOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Primeiro:-As retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación para o mandato 2019-2023 serán as seguintes:

Os/as Sres/as concelleiros/as que non ostenten dedicación exclusiva, sexa esta total o parcial, percibirán as seguintes contías pola preparación de asuntos e asistencia a cada unha das sesións celebradas polos órganos dos que formen parte:

<i>Pleno</i>	<i>120 €/sesión</i>
<i>Xunta de Portavoces</i>	<i>60 € sesión.</i>
<i>Xunta de Goberno Local</i>	<i>40 € sesión.</i>
<i>Comisións Informativas</i>	<i>25 €/sesión.</i>
<i>Comisións especiais de seguimento</i>	<i>12 €/sesión, a certificar pola Secretaría Xeral.</i>
<i>Órgano consultor “Goberno Municipal de Coordinación de Delegacións”</i>	<i>85 euros/reunión, a certificar pola Secretaría Xeral (periodicidade mínima de unha sesión ao mes e máxima de 4 sesións ao mes)</i>
<i>Preparación de asuntos e asistencia a cada unha das sesións celebradas polo órganos dos que formen parte, en concreto os distintos “Consellos Locais”.</i>	<i>25 euros/sesión, a certificar pola Secretaría Xeral.</i>

Poderán simultanearse ou acumularse para o seu devengo ou percepción calquera das sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local ou Comisións Informativas, aínda cando se celebre máis dunha dun mesmo órgano colexiado ao día, sendo aboadas a máis alta das compensacións na súa totalidade e as seguintes ao 50 por 100 das cantidades estipuladas. Exceptúase desta regra xeral únicamente o caso de que coincidan varias comisións informativas no mesmo día, que se aboarán na súa totalidade.



CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Os cargos con dedicación exclusiva non percibirán ningún tipo de indemnización por asistencias, de acordo co previsto no artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 13 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Segundo:- Aqueles membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do Termo Municipal, terán dereito a seren indemnizados mediante axudas de custe, polo importe establecido para o Grupo I na normativa de aplicación. (Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. Ministerio de la Presidencia «BOE» núm. 129, de 30 de maio de 2002).

Terceiro:- A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica na normativa aplicable. Nos restantes casos, indemnizarase polo importe do billete ou pasaxe utilizado.

Cuarto:- De acordo co artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, orzamento dispón dunha dotación económica para os Grupos Políticos Municipais de que figura na aplicación 912.489.00 do orzamento, e que terá a natureza xurídica de transferencia corrente.

Deste xeito os grupos municipais percibirán as seguintes contías:

Importe fixo.	900€
Importe variable:	50 € por cada compoñente do grupo.

	Nº de Concelleiros	Importe mensual	Importe anual
Partido Popular	9	1.350	16.200
PBBI	7	1.250	15.000
Ps de G-psoe	2	1.000	12.000
Bloque Nacionalista Galego	2	1.000	12.000
Mixto- Suma Ribeira	1	950	11.400
Total	21	5.550,00	66.600,00

Cada Grupo Político deberá levar unha contabilidade específica da súa dotación, que porá a disposición do Pleno da Corporación sempre que este lla requira.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

O control interno desta dotación efectuarase pola Intervención Xeral mediante un sistema de fiscalización diferida ou control financeiro sobre o destino dos fondos, que se efectuará no exercicio inmediato seguinte.

Riveira, 4 de xullo de 2019.

O alcalde-presidente

Asdo. Manuel Ruiz Rivas